

NOTA INFORMATIVA SOBRE A EMENDA DOS MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

Con data de 31 de marzo de 2026 publícanse as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da CSAG, convocado por Resolución da de 2 de febreiro de 2026.

Todas as persoas excluídas, así como as que non figuren en ningunha das listaxes, dispoñen dun prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución para emendar os motivos de exclusión ou presentar as alegacións que estimen procedentes.

As persoas que figuran excluídas polos motivos 20 (Taxas incompletas ou non aboadas), 86 (Demandante de emprego) ou 87 (Non percepción de prestación) e tivesen solicitado a exención ou redución da taxa, deben enviar a documentación xustificativa da exención ou redución.

A documentación e, de ser o caso, as alegacións deberán presentarse obrigatoriamente, nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.